



## Contido

- Biblioteca escolar... matemático!!!
- Emilio Salgari no día das Bes
- Aniversarios tráxicos:  
100 anos da Gran Guerra  
25 anos da caída do muro de Berlín

## Os de sempre:

- Sabías que?
- Premios e premiados
- Novidades
- Suxerencias

Curso 2014/15  
número 61


# Boletín de biblioteca

## Ler por pracer

Editorial

Son moitas as voces que nos lembran a importancia das novas tecnoloxías no apredizaxe de contidos polo alumnado nestes tempos. Os rapaces teñen ao seu carón outros recursos e fontes de información nos que, se son adestrados no seu uso, achegan ao coñecemento de inmediato e de xeito máis intuitivo. Pero non por elo temos que deixar de lado a lectura por pracer. No nº 12 da revista Ocnos (Revista de Estudos sobre Lectura) se inclúe un estudio sobre a incidencia da **lectura por pracer** no rendemento académico, as horas de televisión e de videoxogos.

Os autores da investigación comentan que a competencia lectora está asociada ao apredizaxe escoar e goza dun recoñecemento como "instrumento para o desenvolvemento dunha mentalidade crítica para a socialización dos cidadáns". Cando os alumnos leen por pracer experimentan un "proceso estético" e dan valor á lectura, reforzan a habilidade lectora e aumentan a competencia nos ámbitos matemático, lingüístico e científico.



Os resultados deste estudo entre os alumnos de secundaria manifestan unha correlación entre altas cualificacións e maior frecuencia de hábito lector. O hábito lector e as súas competencias non só se asocian ao rendemento académico dentro do sistema educativo senón que se correlacionan tamén co nivel socioeconómico na vida adulta....

***Sigamos lendo por pracer,  
todo son vantaxes!***

## Biblioteca escolar... matemático !!!

Pese á celebración no 2000 do Ano Internacional das Matemáticas, a nova lei de Educación e o lema elixido para a campaña de comezos de curso nas bibliotecas escolares galegas, **NOS XA LIAMOS MATEMÁTICAS** porque gustamos de enigmas e crebacabezas e estamos rodeados!


Por todo neste curso pensamos ler aínda máis para:

- Mostrar que as Matemáticas forman parte da nosa vida e a nosa contorna.

- Achegar aos alumnos o universo matemático a través de libros de ficción.
- Mellorar a motivación e actitude cara ás Matemáticas.
- Fomentar e desenvolver a lectura e a escritura reflexiva.
- Facilitar un ensino interdisciplinar e globalizado.



## Emilio Salgari no día das BEs



*“A vosotros, que os habéis enriquecido con mi piel, manteniéndome a mí y a mi familia en una continua semimiseria o aún peor, sólo os pido que en compensación por las ganancias que os he proporcionado, os ocupéis de los gastos de mis funerales. Os saludo rompiendo la pluma”*

Neste mes adicado ás bibliotecas escolares queremos lembrar a figura de **Emilio Salgari**, prolífico autor de famosos libros de aventuras de gran éxito polo dinamismo e polos seus suxerentes ambientes.

Unha das súas personaxes máis coñecidas é Sandokan, pirata protagonista da serie “Los piratas de

Malasia” con títulos como “Los dos tigres”, “Los tigres de Mompracem”, “El desquite de Sandokan”...

Outras obras importantes son “Los corsarios del Caribe” e “El corsario negro”, pregúntadelle ós vosos pais e nais, seguro que lembran as súas películas.

### Sabías que?

- O 21 de agosto de 1862 naceu Emilio Salgari en Verona, Italia, fillo dunha familia de prósperos comerciantes, desde pequeno mantivo unha gran paixón pola aventura, armando e desarmando coleccións de barcos de xoguete mentres pensaba en viaxar por todo o mundo.
- Sendo adolescente conseguiu traballo como segundo de abordo nun barco que facía a ruta do Adriático. Neste barco, baixo a dirección dun capitán borrachín e pendenciero, viviu as aventuras que xa disfrutara na súa imaxinación.
- Nas súas memorias contou o enfrontamento cun enorme tiburón quen ao embestir ao barco, encaramouse á cuberta e xusto cando tiña a toda a tripulación aterrorizada e xusto cando ía a atacar ao capitán, o propio Salgari con valentía conseguiu matar ao enorme escualo.
- Autor de máis de 130 relatos e 80 novelas de aventura que o converteron nun dos autores máis lidos de todos os tempos chegando a ser nomeado có título de cabaleiro.
- Tivo una morte de novela de aventuras, o harakiri, pero antes dela deixou unha carta de reproche os seus editores rompendo a pluma coa que escribiu as súas obras.



## 1914 I Guerra Mundial .1989 Caída do Muro de Berlín

Este ano que termina está tinguido de guerras e conflitos sen solución, Israel e Palestina, Ucraína, Somalia, Mali, Afganistán, Colombia, Nixeria, Turquía e os kurdos, Irak, Birmania, Uganda....

e agora o Estado Islámico que pretende recuperar zonas históricas baixo o seu mandato, por exemplo Andalucía en España.

O conflictivo panorama mundial dá a razón a Sigmund Freud cando aseguraba que:

**“a violencia, individual ou colectiva, que acompaña á condición humana desde a orixe dos tempos, pode ser limitada, relativamente controlada, legalmente regulada e ata castigada, pero nunca exterminada”.**

Hoxe non hai grandes conflitos armados internacionais pero, pola contra, a paz brilla pola súa ausencia en moitos lugares sumidos en interminables conflitos dentro dos estados.


Non aprendemos nada tras 100 anos do I Guerra Mundial ou 25 anos da caída do muro de Berlín emblema trágico da separación dunha cidade e do mundo en dúas forzas antagónicas.

En xaneiro repasaremos estas dúas conmemoracións cunha exposición fotográfica nun mes no que o día 30 recordaremos a Mahatma Gandhi tamén no día do aniversario da súa morte, data elixida **Día Escolar de la No Violencia y la Paz**, recoñecido por la UNESCO en 1993.



# Algunhas novidades... o resto no Meiga

## Misterio



## Para lembrar e aprender sobre a Gran Guerra





## Alucina con...



## Aventuras en Roma




## A Gran Guerra no cine...



## e na banda deseñada

## Premio Nacional 2014 LIJ



A obra galardoada este ano có Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil é “**Prohibido ler a Lewis Carroll**” de **Diego Arboleda** pola súa orixinalidade, con un brillante sentido del humor y un gran ritmo narrativo.


Este libro narra a historia de Eugéne Chignon, unha nova institutriz francesa que en 1932 viaxa ata Nova York para coidar dunha nena, Alice, cuxa desatada paixón polo mundo creado por Lewis Carroll provocou que os seus pais prohibíanlle ler os seus libros. A primeira misión de Eugéne será evitar que Alice decátese de que Alice Liddell, a auténtica Alicia que inspirou a Lewis Carroll, agora con oitenta anos, vai visitar a cidade para recibir unha homenaxe.

Eugéne Chignon comprobará que as estrañas casualidades, os personaxes extravagantes e as situacións absurdas non son só patrimonio do País das Marabillas, senón que se atopan a miúdo no noso mundo e especialmente nesa casa. A comedia disparatada e os datos históricos (reais e malia iso aínda máis disparatados) teñen cabida nesta novela, na que o sen sentido, ese nonsense tan emblemático de Carroll, acaba tendo moito sentido.

## Premios Nobel de Literatura e da Paz

Ao falecer en 1895, ese excéntrico chamado **Alfred Bernhard Nobel** deixou á súa familia case sen herdanza. Químico, fabricante de armas e inventor da dinamita, preferiu legar a súa fortuna a unha fundación encargada de conceder anualmente unha serie de premios ao coñecemento. Entre eles, un destinado á “persoa que produza, no campo da literatura, o traballo máis destacable nunha dirección ideal”.


**Patrick Modiano** responde desde onte a esa imprecisa definición. O escritor francés desenvolveu a súa obra ambientada nun París envolto na nebulosa da memoria e obsesionada co trauma (non vivido) da ocupación nazi, que propiciou o encontro entre dous proxenitores, xudeu de orixe italiana e flamenca, que lle abandonaron e aos que non volveu a ver desde os 17 anos.



A rapaza **Malala Yousafzai** e o activista indio **Kailash Satyarthi**, presidente da Marcha Global contra o Traballo Infantil, foron galardoados co Premio Nobel da Paz 2014 por:

**"a súa loita en contra da opresión dos nenos e novos e polo dereito de todos os nenos á educación".**

A Academia Sueca considerou un punto importante que un hindú e unha musulmá, un indio e unha paquistaní, uníronse nunha loita común pola educación e contra o extremismo.



IES Fernando Esquío

Empedrón 16

TELÉFONO:

981391080

FAX:

981391280

E-MAIL

fesquío@gmail.com



Visítanos  
no  
noso blog:

[www.blogfesquio.blogspot.com](http://www.blogfesquio.blogspot.com)

Nome e grupo:

### Suxerencias

Autor	Título	Formato